

SAL. 005265 06.08.18 14:04

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE AUTORIZA A ADXUDICACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDAD

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** Con data 4 de abril de 2018, elevouse por parte do reitor da USC á *Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado (JCCPE)* unha consulta solicitando aclaración e interpretación adecuada dos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), relacionados coa adxudicación polas universidades públicas de determinados contratos de subministración por procedemento negociado sen publicidade, e coa aplicación da dita norma aos negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, trala entrada en vigor da Lei.

**SEGUNDO.-** Mentres o dito órgano consultivo non se pronunciase, por Resolución Reitoral do 11 de abril de 2018 e por proposta da Mesa de contratación da USC, elevada ao reitor con data do 3 de abril, autorizouse con carácter provisorio a aplicación xeral do suposto específico de utilización do procedemento negociado sen publicidade aos contratos amparados no suposto regulado no artigo 168 c, apartado 1º, da LCSP que establece literalmente que *"Los órganos de contratación podrán adjudicar contratos utilizando el procedimiento negociado sin la previa publicación de un anuncio de licitación únicamente en los siguientes casos: ... En los contratos de suministro cuando los productos se fabriquen exclusivamente para fines de investigación, experimentación, estudio o desarrollo; esta condición no se aplica a la producción en serie destinada a establecer la viabilidad comercial del producto o a recuperar los costes de investigación y desarrollo."*

**TERCEIRO.-** Con data do 2 de xullo de 2018 (rexistro de entrada na USC do 13 de xullo), a Comisión Permanente da JCCPE, aprobou o informe Dic.38/18 en resposta á consulta elevada polo reitor da USC, no que se conclúe o seguinte:

*"1. La aplicabilidad del procedimiento negociado sin publicidad a la adquisición de equipamiento singular, de reactivos y, en general, de material fungible para su uso en actividades de investigación, experimentación, estudio o desarrollo, deberá realizarse conforme a lo establecido en el artículo 168 c), apartado 1º, de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público. Este precepto exige que se trate de contratos de suministro y que la adquisición se verifique de manera exclusiva con fines de investigación, experimentación, estudio o desarrollo."*

*"2. La adquisición de fondos bibliográficos destinados a la investigación, la experimentación, al estudio o al desarrollo seguirá la tramitación propia del procedimiento negociado sin publicidad bajo las mismas condiciones descritas en la conclusión anterior, sin perjuicio de la posibilidad de aplicar otros supuestos del mismo artículo 168, cuando proceda."*

Tendo en conta o que antecede, o reitor **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar con carácter xeral a aplicación do procedemento negociado sen publicidade baseado no establecido no artigo 168 c, apartado 1º, da LCSP, ás seguintes adquisicións:

- As de equipamento singular, de reactivos e, en xeral, de material funxible para o seu uso en instalacións de investigación, sempre que se trate de gastos realizados con cargo a partidas orzamentarias soporte de actividades de docencia ou investigación.
- As de fondos bibliográficos destinados á investigación, a experimentación, o estudo e a innovación. Terán esa consideración as edicións críticas, os manuais, os estudos, os anuarios, os ensaios, as recompilacións, as actas de congresos, as revistas científicas, os textos legais comentados e outros fondos bibliográficos de natureza análoga aos anteriores.

**SEGUNDO.-** O dito procedemento non será aplicable aos supostos nos que a investigación se desenvolva con fins comerciais, isto é, mediante a prestación de servizos de análises científicos a favor de terceiros a cambio dun prezo.

**TERCEIRO.-** Para a aplicación do procedemento negociado sen publicidade baseado nesta autorización, o propoñente do contrato deberá solicitalo formalmente á Mesa de contratación, achegando o anexo de especificacións do contrato e o prego de prescricións técnicas particulares.

**CUARTO.-** Sempre e cando sexa posible, deberá existir negociación cos operadores económicos tecnicamente capacitados para a execución do contrato. A Mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación, garantirán que esa negociación se produce efectivamente.

**QUINTO.-** Derrógase a Resolución Reitoral do 11 de abril de 2018 pola que se autorizou, con carácter provisorio, a adxudicación de determinados contratos por procedemento negociado sen publicidade.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2018.

O vicerreitor de Investigación e Innovación  
(Por delegación de funcións RR 27/07/2018)



Vicente Pérez Muñuzuri